



Vista xeral de Vilanova dos Infantes antes da restauración da torre.

ANTONIO PIÑEIRO FEIJÓO

1960.

Funcionario do Concello de Celanova dende o ano 1987, leva dez anos desempeñando funcións de encargado do departamento de Cultura deste Concello.

Dende o ano 1985 ten colaborado en diversos medios de comunicación, mantendo unha relación case ininterrompida co diario *La Región* de

Ourense, no que desempeñou o labor de delegado das comarcas de Celanova e a Baixa Limia ata este mesmo ano.

Dende 1993 colabora neste mesmo xornal con artigos de opinión sobre a actualidade diaria do acontecer social da provincia de Ourense e de Galicia.

Premio de xornalismo da Festa do Pulpo do Carballiño no ano 1992.

Premio de xornalismo Xosé Aurelio Carracedo 1997.

Ten publicado varios monográficos sobre aspectos da historia de Celanova, coma os "140 anos de Historia da Banda de Música municipal de Celanova" e outros.

Acaba de editar un estudio biográfico sobre Xosé Velo Mosquera, o ideólogo da Toma do Transatlántico "Santamaría".

VILANOVA,

A HISTORIA NUNHA ESENCIA



Antonio Piñeiro

*Deste val no medio e medio,
entre edras e musgo envoltas,
ergue as torres un castelo,
feito alá n'eras remotas
de pedra de sillería,
cáseque co tempo roxa.
Coma este antigo edificio,
outro non bai según contan,
pois diz que foi levantado
por unha princesa moura,
déndese a posta do sol
basta a saída da aurora.*

M.C.E. (A virxe do Cristal)

Gábase Celanova de ter unha historia concentrada en tres vértices cronolóxicos, que son os puntos do máximo alicerce planimétrico. O mundo prehistórico de Castromao alá no alto. Vilanova dos Infantes e os tempos da Idade Media a unha carreiriña dun can. E no medio Celanova, longa e estreita coma unha cobra e coma a propia história que nos tres intres ela mesmo representa. Gábase Celanova de ser historia mesma. De ser Idade de Bronce, de ser Romanización, de ser Medioevo, de ser Contemporaneidade e de ser Rexurdimento. E todo elo, coma nun frasco, coma en esencia nunha fermosa botella “de pedra de sillería”, amósase hoxe ó visitante na torre de Vilanova, patria solar –como dixo Curros- de don Xácome Mazcareñas.

Acceso á exposición, coa porta remachada de ferro na entrada.





Soto da torre. Consérvase os alicerces da antiga construción. Este foi o lugar elixido para a proxeción do diaporama sobre os persoeiros das Terras de Celanova.

“señor de catorce vilas” para que agora sexamos quen de disfrutar todos nun paseo medido.

Iniciaremos a visita evidentemente polo pobo, ó que aínda se pode entrar co coche, aínda que eu recomendaría de paseo para poder descubrir algúns recantos propios doutros tempos, pois malia que os azos modernizadores fixeron moitas falcatruadas noutrora, afortunadamente o conxunto conserva ese ambiente encantado dun núcleo rural cáseque único na provincia. Algúns escudos dos Feijóo e dos Araújo, fermosas arcadas de pedra, máis dun corredor preciso e unha vella ara romana adicada ós deuses “gumelaecos” no fondo dunha fachada da praza Maior, serán detalles que corre o perigo de perder aquel que decida subir en coche.

Logo da praza Maior veremos a do Recreo, onde San Sebastián e San

Alí, pois, “onde máis tépedo é o vento, que a terra galega azouta”, onde o visitante palpa o latexar do corazón medieval de Vilanova dos Infantes, abriu hai uns meses a Fundación Terra de Celanova unha fermosa exposición que concentra a esencia da historia desta terra fronteiriza e que ven paga unha visita rematada cun xantar ou unha cea no restaurante da vila.

Vexamos, pois, qué se pode atopar nese corpo prismático ergueito e gabacho que un día construíra o


Roque saúdan cada 15 de setembro á virxe do Cristal e lle fan reverencia no “Encontro” acompañados da danza gremial dos zapateiros, así como o pilón do Cucufate, recollendo as augas dun litixio e a memoria escrita dunha morte acontecida por mor dos rigores festivos da celebración inaugural. E xa como antesala aberta, a praza do Balcón e o que outrora fora Hospital, fronte á casa de Méndez Ferrín e fronte ó propio centro comarcal, que nos saudará en fermosa benvida.

A subida do castelo será o tramo final exterior, antes de encarar as escaleiras e comprobar cómo ata o ano 1926 o ergueito prisma dos Zúñiga, dos Condes de Lemos e dos señores de Monterrei, tamén foi Consistorial cando Vilanova dos Infantes era un máis dos concellos da provincia.

Tal vez haxa que parar a mirada aquí para ver o que non pode nin debe entrar nun proxecto cultural como Vilanova dos Infantes. Estou a falar da obra de ampliación dunha vivenda, xusto a carón da entrada da torre -hoxe paralizada e con expediente de derrubo por parte do Concello-, que despois de subirlle o volume matou dunha asentada a fermosa mirada que antes había cara o fermoso val de Bobadela, deixando en substitución unha ocre e vermella cor de tellas.

Pero deixemos á Administración traballar e adentrémonos na “botella”, na esencia museolóxica da historia das Terras de Celanova, logo de traspasar a grossa porta de ferro que a restauración conservou con moi atinado criterio.

Documento dos veciños de Trado protestándolle ó Rei Carlos IV dos abusos dos cobradores de impostos e outros funcionarios reais.





Anel de San Rosendo coa imaxe inédita de Xúpiter.

Toparémomos aquí cunha visión xeográfica xeral da comarca e cunha ampla maqueta a través da cal a guía nos explicará onde agacha a Terra de Celanova –coma a propia princesa moura da torre– as súas trabes de ouro e de alquitrán –é dicir, os tesouros– da comarca, así como outros moitos datos de cada un dos dez concellos que a conforman.

Se a máquina está nese intre a traballar, algúns ecos chegarán ós nosos oídos, con voz grave e sonora, procedentes dun diaporama informático situado con intelixente solución constructiva nos alicerces mesmos do castelo –onde ademais de saber que denates de que os Irmandiños fixeran xustiza popular houbo inzada outra torre– tamén teremos a oportunidade de coñecer, baixo o título de “O berce do meu canto”, algúns salientables aspectos biográficos dos principais persoeiros das Terras de Celanova.

Son os Rosendo Guterres -o fundador-, Catellá Ferrer -o historiador do Apóstol compostelano-, Curros Enríquez -o poeta civil-, Castor Elices -o tenro cantor-, Celso Emilio Ferreiro -o home da longa noite-, Carlos Velo -o cineasta-, e Pepe Velo -o loitador do soño ibérico-. E a xeito de colofón Xosé Luis Méndez Ferrín, o máximo expoñente actual das letras

galegas, como herdeiro directo de toda a sabiduría que uns e outros lle foron legando ó longo da historia escrita.

Introducidos xa na esencia, agora estamos preparados para subir e dar un salto tan longo coma o que a lenda di que deu a pedra fundadora de San Rosendo, aquela que dende “o monte Leboreiro” sinalou o lugar onde había chantar a fundación monacal que deu lugar a toda esta historia.

Chegamos entón ó segundo andar e descubrimos un misterio. Unha fotografía na que o macro do obxectivo detectou o que non enxergara aínda o ollo humano. A imaxe de Xúpiter no anel de San Rosendo que con sumo celo se garda no Museo Catedralicio de Ourense. “Antigo selo romano reutilizado por San Rosendo no século X no anel de ouro do santo” é o que di o pé que nos explica a procedencia. Unha procedencia, que a bon seguro que necesitará un estudio razonado e documentado para poder entender esa relación simbólica que o home da relixión tivo cos deuses paganos.

Case, case ó seu carón comprobará o visitante tamén un documento inédito que se gardaba no Museo de Pontevedra e que demostra a

Outra vista da sala coa maqueta de Castromao á fronte.

utilización popular do idioma galego durante eses catrocentos anos de travesía do deserto que a lingua se viu obrigada a pasar dende que Isabel ordeara a “doma e castración” de Galicia.

Trátase dunha carta que os veciños de Pontedevea lle enviaron ó Rei Carlos IV no ano 1805 e que no idioma propio da súa fala materna –este mesmo que eu uso– diríxense a él para lle protestar polos moitos abusos dos que aquela poboación rural era obxecto por parte dos colaboradores de impostos e de outros funcionarios por mor da imposición de “4 maravedís en cada cuartillo de viño”.



Vista xeral da sala onde se expón o mundo castrexo.





Vista superior da maqueta de castromao coa casa estudiada por Xocas ó fondo.

A carta, que foi recuperada no seu momento por Filgueira Valverde, vai asinada por "Pedro de Cimadevila, labrego do lugar de Trado" e constitúe, segundo alí mesmo se pode ler, "unha peza única ha historia das nosas letras" e un verdadeiro acto de denuncia civil que logo, con tanto tesón continuarían coas súas letras rimadas, primeiro Manuel Curros Enríquez e despois Celso Emilio Ferreiro.

A descrición das lindes do couro do mosteiro de Celanova no ano 1050,

que conserva certa relación perimétrica coa actual demarcación comarcal, é outra das referencias históricas non moi coñecidas que o visitante poderá descubrir no camiño das "alturas". Logo virán xa cousas máis coñecidas. A reprodución gráfica da Tessera Hospitalis, ese tratado de hospitalidade asinado entre os habitantes de Castromao e un mando militar romano, que constitúe o principal documento iniciático desta etnia local chamada dos Coelerni. O trisquel calado de adoración ós deuses paganos que animaban o espírito vivo daqueles nosos ancestrs. Ou o forno de cocer cerámica e metais, artes nas que eran tan bos mestres aqueles homes do cambio do milenio, sen esquecer a maqueta que reproduce o propio Castromao e unha casa estudiada por Xocas alá polos anos 70.

Reprodución do trisquel calado e do forno de cocer, ámbolos dous recollidos en senllas campañas arqueolóxicas de Castromao.

Non se esqueceu tampouco o deseñador, de contemplar tempos antergos. O influxo tradicional das augas do río Arnoia, que coma en ferida permanentemente aberta cruza dende o nacente ó solpor as terras da comarca, ou a herdanza megalítica representada pola Mota Grande, o monumento funerario da Serra do Leboreiro, son outros dos motivos que nos recordan dun xeito perenne que non estamos en terra erma.

Subimos logo á terceira planta e veremos parte da actualidade, aunque tamén contada en clave de historia. O mundo textil das emerxentes cooperativas que ó carro do "Galicia moda" lle dan traballo hoxe por hoxe a un bo fato de

Subimos logo á terceira planta e veremos parte da actualidade, aunque tamén contada en clave de historia. O mundo textil das emerxentes cooperativas que ó carro do "Galicia moda" lle dan traballo hoxe por hoxe a un bo fato de



Reprodución da imaxe zoomorfa atopada polo arqueólogo Luís Orero nunha das campañas dos últimos anos.



mulleres da comarca. O mundo da cerámica representada pola principal fábrica da Manchica, ou aquel da industria cárnica que tamén se espalla en pequenas empresas familiares por diversos puntos da Terra de Celanova.

Pero tamén aquí se contan algúns dos recursos económicos últimos descritos en clave artesán, tales como o ciclo dos zapateiros de Vilanova, que xa tamén o propio Curros lembraba no seu poema da Virxe do Cristal, e o dos oleiros de Santo Tomé das Olas, obradoiros xa desaparecidos e que agora queren recuperar dende a propia Fundación Comarcal.

É moito, pois, o que, aínda en clave de simbolismo, ó longo do edificio prismático temos visto. Pero aínda é moito tamén o que queda por ver se un sube ata o alto da torre e

contempla dende aquela atalaia, e xa a escala real, o territorio ceibe deste anaco do val do Sorga. Pois aínda que foi ben discutida a colocación do parapeto superior da torre, tal vez polo costume veciñal de ver un bloque sen almenado orixinal, hoxe o visitante agradece especialmente o pasillo interior que o almenado de madeira sostén, xa que logo, a perspectiva gaña en beleza e o paseo faise espectacular gracias á posibilidade de contemplar en toda a súa dimensión o arrabaldo ou a muralla, así como a harmonía rural –tan so ferida por algún que outro pecado de uralita ou ladrillo- que se evidencia entre cada unha das estreitas rúas do vila.

“In términos de Gallaecia, territorio búbalo, baixo o monte Leboreiro” é o que transcribe a pancarta que pende do lucernario. E nos términos da Galaecia, antigo territorio

búbalo –hoxe Terras de Celanova- baixo o monte Leboreiro é todo canto recolle este pequeno pero fermoso recanto que outrora foi lar da raíña moura e hoxe serve de non menos fermoso fogar para a nosa lonxeva memoria.



Reproducción fotográfica da Mota Grande, situada na serra do Leboreiro e do gravado idólitico que garda no seu interior.

Sala do terceiro andar, onde se reproduce o mundo da artesanía dos oleiros de Santo Tomé de Cartelle e dos zapateiros de Vilanova dos Infantes.



Outra vista da sala do terceiro andar cunha fotografía aérea da cerámica da Manchica e varias fases da construción dos ladrillos.

